



RESOLUCIÓN

ASUNTO: CONVOCATORIA DA COMISIÓN DE BAREMACIÓN E DATA DO PROCESO DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES PARA O CURSO 2017/2018 DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL RAÍÑA LUPA DE BOQUEIXÓN

EXPEDIENTE:2017/G003/000033

ANTECEDENTES:

Unha vez rematado o prazo de formalización da matrícula dentro de prazo para o curso 2017/2018 da Escola Infantil Municipal Raíña Lupa de Boqueixón.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º Aprobar a lista definitiva de solicitudes de novo ingreso para a obtención da praza na Escola Infantil Municipal Raíña Lupa de Boqueixón.

- | | |
|---------------------------------|-----------------------------|
| - Cajaraville Rey, Emma | - González Merlos, Fabián |
| - Cajaraville Rey, Nicolás | - González Merlos, Nico |
| - Carabán Quinteiro, Olivia | - López Botana, Manuel |
| - Cerdeira Ruibal, Izan | - Manteiga Calvelo, Nerea |
| - Dantas Iglesias, Sabrinna | - Oria Canicoba, David |
| - De la Fuente Lago, Gerardo | - Otero Mata, Leire |
| - Fachal Fuentes, Emma | - Pérez Couto, Daniela |
| - Fernández Casalta, Emma | - Puente Iglesias, Esteban |
| - García Nouche, Xoel | - Rama Fernández, Martín |
| - García Teixeira, José Antonio | - Rey Santasmarinas, Martín |
| | - Vázquez Pérez, Andrea |

3º Aprobar a lista de renovacións de praza na Escola Infantil Municipal Raíña Lupa:

- | | |
|-------------------------------|-------------------------------|
| - Álvarez Pérez, Cova | - Iglesias Pardo Iraila |
| - Carrillo Martínez, Inés | - Jubón Mogo, Xiana |
| - Castro Carrillo, Markel | - Leal Porral, Gabriela |
| - Castro Figueiras, Mateo | - Liñares Rosende, Dario |
| - Dantas Iglesias, Marinna | |
| - Dosantos Casal, Diego | - Lortes Moure, Mateo |
| - Ferreiro Taibo, Fabián | - Macias Mareque, Oscar David |
| - Fuentes Otero, Laura | - Manteiga Calvelo, Sara |
| - García García, Mateo | - Martínez Rodríguez, Gabriel |
| - García Teixeira, Ramón | - Mujico Gómez, Iván |
| - Iglesias Aimée, José Manuel | |



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000033

- | | |
|---------------------------|----------------------------|
| - Peiteado Cigüenza, Sara | - Torres Munín, Iker |
| - Otero Mata, Alba | - Uzal Millán, Ezequiel |
| - Raviña Fins, Miguel | - Valiña Sainz, Elvira |
| - Seoane Rodríguez, Yaiza | - Vázquez Fontela, Iván |
| - Silva Raviña, Uxía | - Vázquez Gómez, Valentina |
| - Suárez Novo, Vera | |

4º Proceder á designación da Comisión de Baremación encargada de valorar as solicitudes para a Escola Infantil Municipal Raíña Lupa de Boqueixón, que queda integrada polos seguintes membros:

Presidente:

Manuel Fernández Munín, alcalde do concello de Boqueixón

Secretaria:

Ana Anta Fernández, traballadora social do concello de Boqueixón

Vogais:

Rocío Vázquez Vecino, directora da Escola Infantil Municipal Raíña Lupa de Boqueixón

Ana María Seijo Mosquera, concelleira de servizos sociais do concello

3º Fixación da data e lugar para a baremación das solicitudes, que terá lugar o día 11 de maio 2017 ás 10.00 horas no Salón de Plenos do Concello, situado no lugar de O Forte, s/n (Boqueixón).

En Boqueixón, mércores 3 de maio de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000035

RESOLUCIÓN

ASUNTO: XERACIÓN DE CRÉDITO E APROBACIÓN DE FACTURA ARRANXO PAVILLÓN DO FORTE

EXPEDIENTE:2017/G003/000035

ANTECEDENTES:

A consecuencia dos danos producidos no pavillón polideportivo do Forte a raíz do temporal acontecido nos días 2 e 3 de febreiro deste ano, a compañía Seguros Bilbao,SL coa que este concello ten subscrita unha póliza de seguros para tódolos locais sociais, realizou os arranxos necesarios coa finalidade de repoñer ó seu estado orixinal o dito pavillón.

A xestión deste sinistro foi realizada pola propia compañía de seguros e encargóuselle á empresa CHF Soluciones Cerrajerías, SL que emitiu unha factura ó concello por un importe total de 53.428,91 euros.

Ó mesmo tempo, a compañía de seguros realizou con data 9 de maio, o ingreso da cantidade que se lle debe aboar á empresa.

Polo tanto, procede que se lle faga o pagamento correspondente á empresa CHF Soluciones polos arranxos realizados no pavillón do Forte.

Por outra parte, e segundo o informe da secretaria e interventora, é preciso facer a correspondente xeración de crédito na partida presupostaria 342.212.00 ó non estar consignada cantidade suficiente para facer o pagamento e non estar contemplado o gasto ó tratarse dun imprevisto.

É preciso facer o pagamento, posto que ata o día 18 de maio non hai xunta de goberno e á empresa úrxelle o ingreso da dita cantidade.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1 Aprobar a seguinte xeración de crédito, á vista do informe emitido pola secretaria - interventora:

Partida		Importe	Xustificación
342	212.00	53.428,76 euros	Seguros Bilbao – Arranxo do pavillón do Forte polos danos ocasionados no temporal do día 3 de febreiro de 2017

2. Aprobar a factura núm. 825 emitida por CHF Soluciones Cerrajerías, SL polo arranxo dos danos do pavillón polideportivo do Forte por importe de 53.428,91 euros.

3. Comunicar a Tesourería este acordo e ordenalo pagamento da factura citada.

En Boqueixón, mércores 10 de maio de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000034

RESOLUCIÓN

ASUNTO: AUTORIZACIÓN GASTOS ITV

EXPEDIENTE:2017/G003/000034

ANTECEDENTES:

Tendo que pasar a ITV o vehículo municipal con matrícula 8745 GZZ , cuxo importe ascende a 46,35 euros e o vehículo municipal con matrícula 3900 FZS , cuxo importe ascende a 58,60 euros,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1. Autorizar o gasto correspondente á ITV dos vehículos municipais con matrículas 8745 GZZ e 3900 FZS , cuxo importe total ascende 104,95 euros.
2. Comunicar este decreto á Tesourería municipal para que proceda a retirar os fondos polo importe sinalado.

En Boqueixón, mércores 10 de maio de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000036

RESOLUCIÓN

ASUNTO: AUTORIZACIÓN FESTAS DE SANTA RITA EN DONAS

EXPEDIENTE:2017/G003/000036

ANTECEDENTES:

Con data 9 de maio 2017, rexistro de entrada número 2017/953, don Juan Manuel en calidade de Presidente da Asociación de Veciños de San Pedro de Donas, solicita licenza para verbenas e bailes ao aire libre durante as festas populares de Santa Rita en Donas o día 22 de maio de 2017.

Xunto coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Seguro de Responsabilidade Civil
- Documentación acreditativa do estado de idoneidade dos escenarios móbiles
- Memoria da actividade

Á vista do que e tendo en conta o artigo 42.1 b) da Lei 9/2013 de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, así como a circular da Dirección Xeral da Administración Local de data 11 de xuño de 2014 (rexistro 13 xuño 2014) en relación as autorizacións municipais para verbenas e festas populares en Galicia.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º Conceder ao Presidente da Asociación de Veciños de San Pedro de Donas, licenza para a realización de verbenas e bailes en Donas coas seguintes:

Día:	22 /04/2017
Tipo de espectáculo :	Verbena ao aire libre con baile pola noite a cargo do Dúo Máster.
Características do escenario :	Camión de 8,5 mts. de longo, 4,5 mts. de ancho e 4,5 de alto.
Previsión de asistencia de público:	200 persoas.
O horario será de:	19:30 a 01:30 horas.

2º A licenza concédese condicionada a:



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000036

- Que en todo momento se manteña o acceso á propiedade e se permita o paso de vehículos de urxencia.
- Que ao finalizar os actos, as vías queden libres, tendo que responder os titulares desta licenza dos danos ocasionados no pavimento das calzadas e beirarrúas, e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocada como consecuencia do acto celebrado.

3º Notificar esta resolucións aos interesados.

En Boqueixón, mércores 10 de maio de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000037

RESOLUCIÓN

ASUNTO: AUTORIZACION FOGOS FESTAS DE SAN CIDRE

EXPEDIENTE:2017/G003/000037

ANTECEDENTES:

O día 15 de maio con rexistro de entrada núm. 17/1004 don Francisco en representación da Comisión de festas de San Cidre, con dni , presenta unha solicitude para que se lle conceda autorización para a tirada de fogos de artificio na parroquia de Oural os días 19, 20 e 21 de maio de 2017.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1. Autorizar previamente o disparo de fogos de artificio eses días, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural, á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais (DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007) e á Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia (DOG. núm. 140 do 23.07.2012)
2. A autorización quedará sen efecto cando o nivel de alerta en materia de incendios forestais impida a realización desta actividade.
3. Que por parte da Pirotecnia se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ninguén poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
4. Esta autorización non eximirá, en ningún caso, das responsabilidades por danos e perdas a que houber lugar no caso que concorra negligencia ou imprudencia.
5. Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e á Garda Civil de Santiago.

En Boqueixón, luns 15 de maio de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000038

RESOLUCIÓN

ASUNTO: AUTORIZACION FESTAS DE SAN CIDRE EN OURAL

EXPEDIENTE:2017/G003/000038

ANTECEDENTES:

Con data 15 de maio 2017, rexistro de entrada número 2017/1006, don Manuel , en calidade de Presidente da Asociación cultural e de festexos San Cidre, solicita licenza para verbenas e bailes ao aire libre durante as festas populares de San Cidre en Oural o día 19, 20 e 21 de maio de 2017.

Xunto coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Seguro de Responsabilidade Civil
- Documentación acreditativa do estado de idoneidade dos escenarios móbiles
- Memoria da actividade

Á vista do que e tendo en conta o artigo 42.1 b) da Lei 9/2013 de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, así como a circular da Dirección Xeral da Administración Local de data 11 de xuño de 2014 (rexistro 13 xuño 2014) en relación as autorizacións municipais para verbenas e festas populares en Galicia

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º Conceder ao Presidente da Asociación de cultural e de festexos San Cidre, licenza para a realización de verbenas e bailes en Oural coas seguintes:

Día: 19/05/2017

Tipo de espectáculo : Verbena ao aire libre consistente baile pola noite a cargo da Orquestra Charleston e Grupo Asia.

Características do escenario : Orquestra Charleston

Trailer de 17 mts. de longo, 10 mts. de ancho e 11 mts. de alto

Características do escenario : Orquestra Asia

Trailer de 17 mts. de longo, 10 mts. de ancho e 11 mts. de alto

Previsión de asistencia de público: 800 persoas

O horario será de: 23:00 a 04:00 horas



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000038

Día: 20/05/2017

Tipo de espectáculo : Verbena ao aire libre consistente baile pola noite a cargo do Grupo Canela e Grupo Nebraska.

Características do escenario : Grupo Canela
Trailer de 17 mts. de longo, 10 mts. de ancho e 11 mts. de alto

Características do escenario : Grupo Nebraska
Trailer de 20 mts. de longo, 10 mts. de ancho e 11 mts. de alto

Previsión de asistencia de público: 400 persoas

O horario será de: Sesión vermú coa actuación do Grupo Canela de 14:00 a 15:00 horas e pola noite de 23:00 a 04:00 horas.

Día: 21/05/2017

Tipo de espectáculo : Charanga BB+ e os Atrevidos

2º A licenza concédese condicionada a:

- Que en todo momento se manteña o acceso á propiedade e se permita o paso de vehículos de urxencia.
- Que ao finalizar os actos, as vías queden libres, tendo que responder os titulares desta licenza dos danos ocasionados no pavimento das calzadas e beirarrúas, e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocada como consecuencia do acto celebrado.

3º Notificar esta resolucións aos interesados.

En Boqueixón, xoves 18 de maio de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000039

RESOLUCIÓN

ASUNTO: DESESTIMAR ALEGACIÓN PRESENTADA POR DON JOSÉ

EXPEDIENTE:2017/G003/000039

ANTECEDENTES:

Obra: "Proxecto de conexión dos colectores de saneamento do polígono industrial de Sergude á rede xeral"

Termo municipal: Boqueixón

Finca nº 1

Titular: Herdeiros de José

Con motivo da execución das obras de "Conexión dos colectores de saneamento do polígono industrial de Sergude á rede xeral", iniciouse o procedemento expropiatorio para a adquisición dos terreos, resultando afectada a finca número 1 do plano parcelario, a nome dos herdeiros de José

Por José no seu nome e na representación da comunidade hereditaria de D. José fórmulanse alegacións á folla de aprecio fundada emitida pola Administración, segundo o disposto no artigo 30.2 da Lei de Expropiación Forzosa (LEF).

Alega o interesado no seu escrito de data rexistro entrada 4 /05/2017 que a notificación da citada Folla de Aprecio é errónea, posto que lle confire un prazo equivocado, non previsto na lei. Que o prazo previsto no artigo 30.2 da LEF procede logo de terse requirido ao expropiado para a presentación da súa folla de aprecio, segundo o artigo 29.1 da mesma norma, e que este trámite non se realizou.

Por Ignacio José Alonso Díaz, perito da administración no expediente de referencia, emitíuse informe con data de 18/5/2017 no que se indica que:

"No presente expediente, con data de 24/10/2016 notificouse aos Herdeiros de José o intento de mutuo acordo, no se que se lle requiría para a presentación da súa folla de aprecio no prazo de 20 días (contados dende o termo de 15 días establecido como fase de mutuo acordo), segundo o disposto no artigo 29.1 LEF. A notificación recibíuna María Josefa en calidade de herdeira de José

Polo tanto, o procedemento tramitouse cumprindo tódalas esixencias establecidas normativamente, e en concreto, o artigo 29.1 da LEF".



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000039

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Desestimar a alegación formulada por don José

Segundo.- Continuar o procedemento nas súas fases de xustiprezo e pago.

En Boqueixón, xoves 18 de maio de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000040

RESOLUCIÓN

ASUNTO: ARQUIVO EXPEDIENTE RECLAMACIÓN RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR CAÍDA DA CADEIRA DE RODAS

EXPEDIENTE:2017/G003/000040

ANTECEDENTES:

ANTECEDENTES

Con data 16 de febreiro do 2016, rexistro de entrada 305/2017, a avogada dona Olga Regueiro Darriba, remite o concello reclamación polos danos sufridos por don Manuel [redacted] o 9 de setembro de 2015 cando circulaba na súa cadeira de rodas polo tramo da estrada denominada 8220;O Portal de Ferro 8221; en Boqueixón.

Solicita unha indemnización por responsabilidade patrimonial de 40.260,10 €.

Con data 26 de maio do 2016, rexistro de entrada número 996, dona Olga Regueiro presenta escrito no cal reitera que debido ao deficiente estado de conservación do camiño, don Manuel [redacted] caeu da súa cadeira de rodas e considera indemnizable 8 días impeditivos a razón de 58,41 €/día, os días non impeditivos (15 días) a razón de 31,43 €/día, os 30 puntos de sutura cuxo valor e: 39.218,10 €.

Emitidos os correspondentes informes técnicos e tramitado o correspondente procedemento, con data 23 de novembro do 2016 a instrutora do expediente emite a proposta de resolución rexeitando a solicitude presentada, e con data 24 de novembro do 2016, rexistro de saída 1156, remítese ao Consello Consultivo de Galicia para o seu ditame.

Con data 22 de decembro do 2016, rexistro de entrada 2807, recíbese o referido ditame do Consello Consultivo que informa favorablemente a proposta de resolución do concello, posto que non se cumpren os requisitos legalmente establecidos para apreciar a existencia de responsabilidade patrimonial do concello.



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000040

Con data 2 de xaneiro do 2017 dítase a resolución da alcaldía que sinala: “Rexeitar a solicitude presentada pola letrada don Olga Regueiro Darriba en representación de don Manuel , formulando reclamación por danos sufridos cando circulaba na súa cadeira de rodas no tramo de vía municipal denominado O Portal de Ferro, en Lamas – Boqueixón, por importe total de en 39.218,10 euros, por inexistencia de relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e o dano producido, polo que procede desestimar a reclamación presentada.”;

Con data 31 de xaneiro do 2017, rexistro de entrada número 201700000000152, dona Olga Regueiro Darriba formula recurso de reposición contra a resolución da alcaldía de data 2 de xaneiro, solicitando indemnización por importe de 39.218,10 € debido á mala conservación do camiño veciñal.

Por Resolución da alcaldía de data 14 de febreiro do 2017 rexeitase o citado recurso de reposición e non constándonos no concello a presentación de recurso contencioso no prazo legalmente establecido

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona Olga Regueiro Darriba en representación de don Manuel polos danos sufridos por mor dunha caída no tramo de estrada “O Portal de Ferro”; por non interpoñer en prazo recurso contencioso – administrativo.

2. Comunicar esta resolución ó interesado os efectos oportunos.

En Boqueixón, venres 19 de maio de 2017

O Alcalde/Presidente



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000040

Manuel Fernández Munín



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000041

RESOLUCIÓN

ASUNTO: LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL RAÍÑA LUPA

EXPEDIENTE:2017/G003/000041

ANTECEDENTES:

En cumprimento do establecido no artigo 11 do Regulamento de Funcionamento da Escola Infantil Municipal Raíña Lupa polo que se desenvolve a relación provisional de admitidos e excluídos, e reunidos os membros (presidente, secretaria e vogais) da mesa de Baremación ás 10:00 horas do día 11 de maio de 2017, no salón de plenos do concello, para proceder coa baremación das solicitudes presentadas ás prazas da Escola Infantil Municipal Raíña Lupa de Boqueixón.

Unha vez baremadas as solicitudes asinase a acta de admitidos e excluídos con data 19 de maio quedando tal como a continuación se detalla.

a) Admitidos novo ingreso:

<u>Nome</u>	<u>Puntos</u>	<u>Nome</u>	<u>Puntos</u>
2015	--	Cerdeira Ruibal, Izan	21
De la Fuente Lago, Gerardo	25	Rey Santasmarinas, Martín	19
Fernández Casalta, Emma	17	Fachal Fuentes, Emma	18
Pérez Couto, Daniela	19	Manteiga Calvelo, Nerea	18
2016		Rama Fernández, Martín	18
Puente Iglesias, Esteban	28	García Teixeira, José Antonio	16
Cajaraville Rey, Emma	27	2017	
Cajaraville Rey, Nicolás	27	Dantas Iglesias, Sabrinna	19
López Botana, Manuel	22	Otero Mata, Leire	16

Renovacións

<u>Nome</u>	<u>Puntos</u>	<u>Nome</u>	<u>Puntos</u>
Álvarez Pérez Cova	17	Macias Mareque, Oscar David	21
Carrillo Martínez, Inés	21	Manteiga Calvelo, Sara	18
Castro Carrillo, Markel	21	Martínez Rodríguez, Gabriel	16
Castro Figueiras, Mateo	21	Mujico Gómez, Iván	19
Dantas Iglesias, Marinna	19	Otero Mata, Alba	16



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000041

Dosantos Casal, Diego	24	Peiteado Cigüenza, Sara	21
Ferreiro Taibo, Fabián	19	Raviña Fins, Miguel	14
Fuentes Otero, Laura	24	Seoane Rodríguez, Yaiza	23
García García, Mateo	24	Silva Raviña, Uxía	16
García Teixeira, Ramón	16	Torres Munín, Iker	19
Iglesias Aimée, José Manuel	17	Valiña Sainz, Elvira	21
Iglesias Pardo Iraila	18	Suárez Novo, Vera	19
Jubón Mogo, Xiana	19	Uzal Millán, Ezequiel	20
Liñares Rosende, Dario	24	Vázquez Fontela, Iván	17
Leal Porral, Gabriela	21	Vázquez Gómez, Valentina	22
Lortes Moure, Mateo	21		

b) Excluídos por non haber prazas dispoñibles e consecuentemente quedan en lista de espera, tendo preferencia os empadroados no concello de Boqueixón, polo que a prioridade será a seguinte:

Nome	Puntos
1. García Nouche, Xoel	16
2. Vázquez Pérez, Andrea	14
3. Carabán Quintero, Olivia	13
4. González Merlos, Fabián	30
5. González Merlos, Nico	30
6. Oria Canicoba, David	16

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1. Aprobar a listaxe provisional baremada de solicitudes de alumnos admitidos e excluídos para o curso 2017/2018 na Escola Infantil Municipal Raíña Lupa de Boqueixón.
2. Publicar esta lista provisional no taboleiro de anuncios da casa do concello, na Escola Infantil Municipal Raíña Lupa de Boqueixón, e na páxina Web www.boqueixon.es, para o coñecemento dos interesados.
3. Os solicitantes poderán efectualas reclamacións, que estimen oportunas no prazo de 10 días contados dende a data de publicación da relación provisional.

En Boqueixón, venres 19 de maio de 2017



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000041

O Alcalde/Presidente
Manuel Fernández Munín



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000042

RESOLUCIÓN

ASUNTO: AUTORIZACION DA FESTA O PICO DE MAIO

EXPEDIENTE:2017/G003/000042

ANTECEDENTES:

Con data 23 de maio 2017, rexistro de entrada número 2017/1045, don José en calidade de Presidente da Asociación cultural Virxe de Lurdes, solicita licenza para verbenas e bailes ao aire libre durante as festas populares de O Pico de Maio en Lestedo o día 28 de maio de 2017.

Xunto coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Boletín eléctrico
- Seguro de Responsabilidade Civil
- Documentación acreditativa do estado de idoneidade do escenario móbil
- Memoria da actividade

Á vista do que e tendo en conta o artigo 42.1 b) da Lei 9/2013 de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, así como a circular da Dirección Xeral da Administración Local de data 11 de xuño de 2014 (rexistro 13 xuño 2014) en relación as autorizacións municipais para verbenas e festas populares en Galicia.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º Conceder ao presidente da Asociación cultural Virxe de Lurdes licenza para a realización da Festa O Pico de Maio en Lestedo coas seguintes:

Día: 28/05/2017

Tipo de espectáculo: Verbena ao aire libre a cargo do Dúo Fato

Características do escenario: Dúo Fato

Camión caixa cerrada de 10,30 mts. de alto, 2,55 mts. ancho e 3.80 mts. alto

Previsión de asistencia de público: 200 persoas

O horario será de: Sesión vermú (Dúo Fato) de 13:00 ás 15:00 horas e pola noite de 21:00 a 11:30 horas



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000042

2º A licenza concédese condicionada a:

- Que en todo momento se manteña o acceso á propiedade e se permita o paso de vehículos de urxencia.
- Que ao finalizar os actos, as vías queden libres, tendo que responder os titulares desta licenza dos danos ocasionados no pavimento das calzadas e beirarrúas, e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocada como consecuencia do acto celebrado.

3º Notificar esta resolucións aos interesados.

En Boqueixón, martes 23 de maio de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000044

RESOLUCIÓN

ASUNTO: AUTORIZACION FOGOS FESTA O PICO DE MAIO EN A GRANXA E LESTEDO

EXPEDIENTE:2017/G003/000044

ANTECEDENTES:

O día 24 de maio de 2017, con rexistro de entrada núm. 17/1062 e 17/1063 don Juan Manuel Gaiteiro Moure, pirotécnico de Vedra, con dni _____ presenta dúas solicitudes para que se lle conceda autorización para a tirada de fogos de artificio nas parroquias de A Granxa e Lestedo (Festa O Pico de Maio) os días 27 e 28 de maio.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

- 1.- Autorizar previamente o disparo de fogos de artificio eses días, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural, á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais (DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007) e á Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia (DOG. núm. 140 do 23.07.2012)
- 2.- A autorización quedará sen efecto cando o nivel de alerta en materia de incendios forestais impida a realización desta actividade.
- 3.- Que por parte da Pirotecnia se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ninguén poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
- 4.- Esta autorización non eximirá, en ningún caso, das responsabilidades por danos e perdas a que houber lugar no caso que concorra negligencia ou imprudencia.
- 5.- Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e á Garda Civil de Santiago.

En Boqueixón, venres 26 de maio de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000043

RESOLUCIÓN

ASUNTO: FINALIZACIÓN CONTRATOS 31/05/2017

EXPEDIENTE:2017/G003/000043

ANTECEDENTES:

Con data 01/12/2016 foron contratados dona Elizabeth Di Yelsi Iglesias, don Raymond Philippe Cannizzo Ortega, don Rubén Uzal Millán, don José Torres Iglesias e don José Manuel Santos Blanco como operarios de servizos múltiples para o programa Aprot Rural, en base á subvención concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria para o Fomento do Emprego no Medio Rural (Aprot Rural), tendo prevista a data de finalización de ditos contratos para o día 31/05/2017 e polo que, cumprida esta data,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1.- Dar por finalizada a contratación de dona Elizabeth Di Yelsi Iglesias, don Raymond Philippe Cannizzo Ortega, don Rubén Uzal Millán, don José Torres Iglesias e don José Manuel Santos Blanco con data 31/05/2017.

2.- Comunicar esta Resolución ós propios traballadores.

En Boqueixón, mércores 24 de maio de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000045

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO CANON DA AUGA (1º CUADRIMESTRE DO 2017)

EXPEDIENTE:2017/G003/000045

ANTECEDENTES:

Con data do 03/11/2016 foi aprobado o Padrón de auga do 3º trimestre de 2016, cun nº total de aboados de 1067, dos cales 45 recibos están exentos do pagamento do canon da auga, 34 corresponden a consumos propios do Concello (cuxo canon xa foi liquidado no 3º cuatrimestre do 2016) e 13 recibos están pendentes por aboar, resultando dos mesmos un total de 975 recibos aboados, sendo a data de vencemento do período voluntario do 20/01/2017.

Posteriormente, con data do 19/01/2017 foi aprobado o Padrón de auga do 4º trimestre de 2016, cun nº total de aboados de 1076, dos cales 45 recibos están exentos do pagamento do canon da auga, 34 corresponden a consumos propios do Concello (cuxo canon xa foi liquidado no 3º cuatrimestre do 2016) e 17 recibos están pendentes por aboar, resultando dos mesmos un total de 980 recibos aboados, sendo a data de vencemento do período voluntario do 03/04/2017.

Así mesmo, foi aboadado o canon de 2 recibos, que foron declarados como impagados na declaración do 3º cuatrimestre do 2016, por un importe total de 232,98 €.

Unha vez contabilizados os importes percibidos polo Servizo de auga do Concello en concepto do canon, con vencemento no cuatrimestre, foron ingresados un total de 22.219,62 €, correspondentes ós 975 recibos aboados do 3º trimestre e ós 980 recibos aboados do 4º trimestre.

E tendo en conta que o Concello como entidade subministradora debe presentar a Augas de Galicia a autoliquidación do canon correspondente ao período do primeiro cuatrimestre do exercicio 2017 cuxo prazo finaliza hoxe 31 de maio e tendo en conta que a próxima xunta de goberno terá lugar o xoves 1 de xuño, esta alcaldía avoca o coñecemento deste asunto e en consecuencia.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1. Aprobar a autoliquidación do canon da auga correspondente ó período do 1º cuatrimestre do 2017, que ascende á cantidade de 22.219,62 €.
2. Proceder ó ingreso do dito importe no nº de conta ES83 2080 5355 6031 1003 7252 de Augas de Galicia.

En Boqueixón, mércores 31 de maio de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín